

BOLSAS E AXUDAS PARA ESTUDOS POSTOBRIGATORIOS

DESDE HOXE ATA O 20 DE MAIO PERMANECERÁ ABERTO O PAZO PARA
SOLICITAR AS AXUDAS

A QUEN VAN DIRIXIDAS?

A todos aquelas persoas que o curso que ven teñan pensado facer...

- FPB: Formación Profesional de Grao Básico
- FP: Formación Profesional de grao medio e de grao superior
- Bacharelato
- Ensinanzas artísticas: profesionais e superiores
- Ensinanzas deportivas
- Graos universitarios
- Outros: Cursos de preparación para probas de acceso á FP, ensinanzas de idiomas en Escolas Oficiais, estudos relixiosos superiores

DANLLAS A TODAS AS PERSOAS QUE AS SOLICITAN?

Deberás cumprir uns requisitos:

- a. Xerais (nacionalidade...)
- b. Económicos (situación económica da unidade familiar no 2023)
- c. Académicos (non repetir, en 2º BAC non ter máis dunha pendente, etc)

SE SUSPENDO TEÑO QUE DEVOLVER A AXUDA?

Terás que devolver os cartos da axuda nos seguintes casos:

- ✓ Se te das de baixa dos estudos durante o curso.
- ✓ Se non asistes ao 80 % ou máis das horas lectivas.
- ✓ Se non aprobas o 50 % das materias.

CANDO PODO SOLICITALA?

O prazo é do 19 de marzo de 2024 ás 09:00 ao 10 de maio de 2024 a las 15:00.

No mes de setembro haberá un prazo para presentar alegacións sobre datos económicos e para facer modificacións nos datos académicos (tipo de estudos, centro onde se realizarán) ou da conta bancaria.

COMO SE SOLICITA?

A solicitude só se pode realizar a través da sede electrónica do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes.

<https://sede.educacion.gob.es/sede/login/inicio.jjsp?idConvocatoria=2076>

Se xa pediches a axuda outros anos só terás que poñer o teu usuario e a contrasinal.

Se é a primeira vez que vas solicitar a axuda terás que rexistrarte seguindo os pasos que che indican. Recorda ter o DNI, pasaporte ou NIE contigo porque farache falta.

Deberás indicar un correo electrónico operativo e que consultedes a miúdo porque chegaranvos avisos importantes a través del.

Logo terás que cubrir os datos do formulario online.

Recorda ter contigo os DNI, pasaporte ou NIE de todos os membros do núcleo familiar porque faranche falta.

Se a túa familia é numerosa, monoparental ou monomarental ou se algún dos membros ten recoñecida unha discapacidade tamén deberás ter a documentación acreditativa a man.

Tamén necesitas o número dunha conta na que ti sexas titular.

Unha vez que cubras os datos terás que pechar e validar a solicitude. Con isto acabaríase o proceso, só en determinados supostos pediranche que aportes algún documento concreto. Nestes casos terás que presentar os orixinais e copias no IES.

PRECISAS AXUDA?

Se necesitas que a orientadora che axude a facer a solicitude só teredes que ti ou a túa familia (no caso de que sexas menor de idade) solicitar unha cita entre o 3 de abril e o 8 de maio.

MAIS INFORMACIÓN

Departamento de Orientación

982 870 623